



# **PREMIOS CAMPAÑA DE VACINACIÓN ANTIGRIPAL 2019 (na rede do Servizo Galego de Saúde)**

## **A/. Coberturas en persoas de 65 e máis anos de idade**

**Premios: 8 becas de financiación para a asistencia á 5ª Reunión sobre gripe que se celebrará en --- os días 5 e 6 de marzo de 2020 (inscrición, traslados e aloxamento)**

### **Destinatarios**

- **Servizos de Atención Primaria (1 por provincia)**

### **Adxudicatarias/os**

- **1 por cada Área para a persoa que decida o Servizo de Atención Primaria coa cobertura máis alta de vacinación en persoas de 65 ou máis anos.**
- **1 para a persoa responsable desta campaña na Área coa cobertura de vacinación máis alta en persoas de 65 ou máis anos.**

## **B/. Coberturas en persoal sanitario**

**Premios: 4 becas de financiación para a asistencia ao 10º Simposio da Asociación Española de Vacunoloxía (AEV) que se celebrará en Lleida do 16 ao 17 de outubro do 2020 (inscrición, traslados e aloxamento)**

### **Destinatarios**

- **Centros Hospitalarios do Servizo Galego de Saúde**



## **Adxudicatarias/os**

1. Responsable de vacinación no Centro Hospitalario do Servizo Galego de Saúde con máis de 200 camas coa cobertura máis alta de vacinación no persoal médico.
2. Responsable de vacinación no Centro Hospitalario do Servizo Galego de Saúde con menos de 200 camas coa cobertura máis alta de vacinación no persoal médico.
3. Responsable de vacinación no Centro Hospitalario do Servizo Galego de Saúde con máis de 200 camas coa cobertura máis alta de vacinación no persoal de enfermaría.
4. Responsable de vacinación no Centro Hospitalario do Servizo Galego de Saúde con menos de 200 camas coa cobertura máis alta de vacinación no persoal de enfermaría.

## **C/. Coberturas en embarazadas**

**Premios: 4 plazas completas** (inscripción, traslado e aloxamento) para asistir a *10th World Congress on Nursing & Healthcare (WCNH-2020)*, que se celebrará en Toronto os días **25 e 26 de Xuño de 2020**

### **Destinatarias/os**

- Persoal de enfermaría e Persoal de enfermaría especialista en enfermería obstétrico-xinecolóxica (matrona).

### **Adxudicatarias/os**

- 1 persoa de enfermaría e enfermaría especialista en enfermería obstétrico-xinecolóxica (matrona) por cada provincia co número máis alto de embarazadas vacinadas.

## **D/. Diplomas**

**A Consellería de Sanidade emitirá un diploma acreditativo:**

- Para todas as persoas premiadas.
- Á persoa responsable desta campaña na Área coa cobertura de vacinación máis alta en persoas de 65 ou máis anos.